

EXERCICIOS TEMA 2

Le atentamente o seguinte texto:

“ De tódalas cidades costeiras do Caribe e o Golfo de México, Cartaxena de Indias era a única que regularmente podía rivalizar coa Habana. A súa zona urbana estaba completamente rodeada de muros fortificados e protexida por baluarte, torres, trincheiras e artillería. Tódalas cidades costeiras estaban expostas ós ataques estranxeiros, e na historia de todas elas fálase de importantes asaltos efectuados por ingleses, franceses ou holandeses.

Cara terra dentro as cidades tiñan un carácter moi diferente, sendo o exemplo máis notable é Tenochtitlán-México. No interior a poboación era máis densa, e as reminiscencias indíxenas daban á cidade unha aparencia característica. Incluso Puebla, a cidade fundada polos españois para colonos blancos, e que chegou a ser maior que A Habana e Cartaxena de Indias xuntas, adquiriu algo de carácter indíxena. Os urbanismos español e indio converxeron en México e Perú, e a poboación, cada vez máis numerosa, era mestiza en grao maior que na costa. Das dúas cidades coloniais máis importantes da zona dos Andes, Lima chegou a ser un centro político e comercial, con numerosa poboación india e mestiza. O seu rápido crecemento debeuse á súa calidade de capital do vicerreinado e ó seu papel como distribuidora das mercadorías da flota, porque tiña preto cerca o mellor porto do Pacífico e subministraba, aproveitando en parte as grandes estradas incaicas do período prehispánico, as mercadorías da flota a Chile, Ecuador, Arxentina e o Alto Perú. A segunda cidade peruana, Potosí, o centro mineiro por excelencia, chegou a ser considerada por certo tempo coma a cidade máis grande de toda a América española”.

Charles Gibson. España en América. Grijalbo. 1976.

Logo de ter lido o texto contesta:

- a) Resume o contido do texto.
- b) Localiza nun mapa de América os países e cidades que se citan.
- c) Indica de que vicerreinados eran capitais México e Lima, respectivamente.
- d) Explica que caracterizaba ás cidades costeiras e cal era a razón da súa configuración urbanística.
- e) Cita os metais preciosos que se extraían, principalmente, das minas americanas.
- f) Analiza os trazos de aculturación que se detectan no texto anterior e fai unha enumeración dos mesmos.